

I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CON MÓBIL POLOS DEREITOS HUMANOS

O Consorcio As Mariñas en colaboración co Concello de A Coruña convoca o I Concurso de Fotografía con móbil polos Dereitos Humanos. Esta iniciativa pretende potenciar a creatividade e o uso alternativo das novas tecnoloxías, así como poñer en valor distintas actitudes no noso territorio en relación cos dereitos humanos.

B A S E S

PARTICIPANTES

Poderán participar xóvenes de entre **12-18 anos** residentes en calquera dos concellos do Consorcio (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada) e no Concello de A Coruña.

TEMÁTICA

Dereitos da infancia, igualdade e equidade de xénero, medio ambiente, adolescencia e mocidade e liberdade de expresión

OBRAS PRESENTADAS

As obras que concursan deberán estar feitas co teléfono móbil, ademais de ser **únicas e orixinais**. Valorarase especialmente a **creatividade** das mesmas, coidando a súa idoneidade e expresividade en relación co obxectivo deste concurso.

Cada concursante poderá presentar **un máximo de 3 fotografías**.

As imaxes poderán ser en cor, branco e negro ou viradas, a condición de que estean realizadas co móbil. Non se admitirán imaxes retocadas con outros medios.

TAMAÑO

O tamaño do arquivo dos traballos terá un máximo de **1MB**.

PREMIO

De entre os traballos recibidos, o xurado seleccionará tres fotografías. Ademais, na páxina web do Consorcio crearase unha **galería fotográfica** coas obras seleccionadas.

O **primeiro premio** será un teléfono móbil de última xeración, mentres que o segundo e terceiro recibirán un marco dixital.

A **entrega de premios** se levará a cabo o 10 de decembro na Casa de Cultura de Sada ás 20 horas.

XURADO

O xurado estará composto por **profesionais** da fotografía e persoeiros vinculados á defensa dos dereitos humanos.

PRAZO

O prazo de presentación **comezará** o 9 de novembro e finalizará o 30 de novembro ás 00.00 h.

FORMA DE PRESENTACIÓN

As fotografías serán enviadas por **correo electrónico**, en formato jpeg á seguinte dirección: informatica@consorcioam.org, consignando en Asunto: Concurso MMS / mes.

Todas as fotografías presentadas terán unha **lema** e un **título**.

As fotografías presentaranse nun **único envío**, ao que se lle achegará un documento **.doc** ou **.pdf** que o xurado non abrirá ata o fallo do concurso. Nel consignaranse os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Idade
- Número de teléfono
- Dirección
- Lema e título das fotografías
- Marca e modelo de móbil utilizado para realizar a fotografía
- Data, hora e lugar onde foi tomada

CESIÓN DE DEREITOS

A participación leva a **cesión de dereitos** de reprodución, distribución, exhibición, comunicación pública e/ou transformación das fotografías por parte do Consorcio As Mariñas.

A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO LEVA A ACEPTACIÓN DESTAS BASES NA SÚA TOTALIDADE.

organiza



Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Sada

colaboran

